

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### PORTOS DE GALICIA

*ACORDO do 16 de abril de 2024 polo que se somete a información pública e trámite de competencia a solicitude de concesión administrativa, presentada pola Confraría de Pescadores de Burela, para a ocupación do dominio público portuario en superficie e do edificio 14.05.EDF.019 (nave de redes) e do medio mecánico guindastre ponte (14.05.MM.001), titularidade de Portos de Galicia, para o desenvolvimento da actividade de reparación de redes de arrastre e celebración de feiras náutico-pesqueiras no porto de Burela (expediente 14-05-24-C-1).*

O 15 de abril de 2024, o presidente de Portos de Galicia acordou o inicio de trámite da concesión administrativa, solicitada pola Confraría de Pescadores de Burela, para a ocupación do dominio público portuario en superficie e do edificio 14.05.EDF.019 (nave de redes) e do medio mecánico guindastre ponte (14.05.MM.001), titularidade de Portos de Galicia, para o desenvolvimento da actividade de reparación de redes de arrastre e celebración de feiras náutico-pesqueiras no porto de Burela (expediente 14-05-24-C-1).

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, faise público este trámite, para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nos servizos centrais de Portos de Galicia, oficinas sitas na praza Europa 5 A, 6º, polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A documentación está á disposición na ruta web [www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal) > Comunicacións e avisos > Procesos de información pública.

Asemade, debido a que a ocupación solicitada excede os 2.500 m<sup>2</sup>, en aplicación do artigo 68.2.c) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, na iniciación do procedemento de outorgamento é preceptivo o trámite de competencia de proxectos. Por tanto, no mesmo prazo de 20 días do trámite de información pública anteriormente indicado, poderán presentarse outra/s solicitude/s de concesión cos requisitos establecidos na mesma lei, que afecten o mesmo espazo e co mesmo ou distinto obxecto.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

José Antonio Álvarez Vidal  
Presidente de Portos de Galicia

